



VISITA ONLINE AO LABORATORIO DO GRUPO DE FARMACOXENÉTICA DO CIMUS

**O ALUMNADO DE 5º REALIZOU UNHA
VIDEOCHAMADA CO GRUPO DE
FARMACOXENÉTICA DO CIMUS, SANTIAGO DE
COMPOSTELA.**

**DADO QUE NOVEMBRO É O MES DA CIENCIA, ESTE
GRUPO CONVIDOUNOS A PRESENCIAR/VIVENCIAR
O DÍA A DÍA NO SEU LABORATORIO, ONDE
ANALIZAN AS VARIANTES XENÉTICAS QUE SE
ASOCIAN ÁS DISTINTAS RESPOSTAS AOS
FÁRMACOS.**

Trátase dun grupo multidisciplinar, onde conviven dúas biólogas, unha bioquímica, unha técnico de laboratorio e unha enfermeira; as cales traballan en equipo cun mesmo obxectivo común: avanzar na investigación clínica.


Entre os aparellos máis empregados no seu laboratorio atópanse:

- Un equipo de extracción de ADN automático.
- Numeros aparellos de PCR.
- E ata un robot que traballa só.

As mostras que analizan as investigadoras proveñen de áreas como a oncoloxía, a psiquiatría ou a cardioloxía, entre outras. Estudan o ADN dos/as pacientes coa finalidade de axustar as doses dos seus tratamentos da maneira máis personalizada. Con isto, pretenden reducir a aparición de efectos adversos ou secundarios e atallar as faltas de eficacia, o cal mellora a súa calidade de vida.


Con esta visita virtual, os nenos/as
achegáronse á forma de vida na
investigación.

Quen sabe, quizais nun futuro, os
pequenos/as do Barrié tamén poden
formar parte dun equipo científico coa
este!



Tienes instaladas extensiones que pueden afectar a la calidad de la llamada

[Más información](#) [Cerrar](#)



Milena Recarey Rama

**MOITAS GRAZAS
POR TODO!**

**GRAZAS SHEILA, ANA E
ALBA! ESPERAMOS VERVOS
PRONTO!**

